

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 3 de febreiro de 2021
Hora: 12:00h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Francisco Fernández Rivera
Felipe Gago Couso
Julia González Álvarez
David López Vilariño,
Mª Carmen Palacios Oubiña
Juan Carlos Pichel Campos
Óscar Rodríguez Figueiras

Xustifican a súa ausencia: Francisco Omil Prieto, Tomás Fernández Pena.

PUNTO ÚNICO: Aprobación da declaración de intencións de modificación do plan de estudos de Máster de Computación de Altas Prestacións

A Directora explica que hai unha situación problemática no Máster de Computación de Altas Prestacións: Se vai cancelar a matrícula dun alumno porque ven da área de económicas, e na memoria do título se esixe un título de informática ou de calquera área de ciencias. O cambio no plan de estudos pretende que se poida aceptar a alumnos de áreas transversais, fora do ámbito da informática ou ciencias (economía, socioloxía...). Poden resultar áreas de interese para aplicacións informáticas.

Tamén se pretende clarificar a esixencia de nivel de inglés. Actualmente pídense coñecementos a nivel B1, que se poden acreditar despois do ingreso. Os criterios para acreditar o nivel de inglés, tanto na USC coma na UdC:

- Certificado oficial de nivel B1 de inglés (ou superior).
- Nota maior ou igual a 7 en inglés no bacharelato.
- Diploma B1 do Centro de Linguas Modernas da USC ou da UdC, ou de outra Universidade española.

Isto sería unha modificación substancial do título.

Non hai comentarios dos membros da comisión, polo que se aproba por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 12:12 h.